REUNIÓN DA COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 13150 (10/POC-002287)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a mellora da seguranza viaria e da mobilidade na estrada AC-305
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017

1.2 14645 (10/POC-002708)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa execución da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, así como a valoración para o tramo central comprendido entre Goián e Areas doutras alternativas diferentes ás do proxecto de construción do ano 2011
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

1.3 15387 (10/POC-002789)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a posición do Goberno galego respecto da introdución de modificacións no artigo 124.2 do Regulamento de dominio público hidráulico, para permitir a existencia no futuro das comunidades de augas de consumo humano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

1.4 15493 (10/POC-002808)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 10 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polo Consorcio Casco Vello de Vigo desde a súa creación, o número de vivendas e locais comerciais rehabilitados e as actividades previstas para o futuro tras o remate en 2017 do actual convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

1.5 16877 (10/POC-002911)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa sinistralidade e elevada cifra de atropelos a peóns e ciclistas que presenta a estrada PO-308 entre Pontevedra e O Grove, e as súas previsións respecto da adopción de medidas de calmado do tráfico nela, así como a execución dunha actuación integral para mellorar a súa seguridade viaria, a súa accesibilidade e a súa mobilidade peonil e ciclista
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

1.6 16930 (10/POC-002921)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia dende agosto de 2016 para resolver a problemática xerada a consecuencia das deficiencias existentes no funcionamento das novas infraestruturas de saneamento de Ribeira, as súas causas e o tipo de control periódico que se está a realizar, así como as medidas adoptadas ao respecto e a garantía do dereito da cidadanía á información medioambiental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

1.7 17205 (10/POC-002936)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre o orzamento destinado nos últimos anos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o mantemento e impulso do contorno do parque de Cotorredondo, situado nos concellos de Vilaboa e Marín, as actuacións que está a estimar o Goberno galego para recuperar os seus valores ambientais, turísticos e patrimoniais, así como a actuación desa consellaría en relación cos convenios asinados e as solicitudes presentadas por diversas comunidades de montes ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 13150(10/POC-002287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a mellora da seguranza viaria e da mobilidade na estrada AC-305

Publicación da iniciativa, 159, 07.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:09
Nº Rexistro: 13150
Data envio: 27/07/2017 13:09:38.333

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión,** relativa á mellora da seguranza viaria na estrada AC-305.

Na estrada AC 305, ao seu paso polo concello de Boiro, a Xunta de Galiza realizou diversas obras encamiñadas a mellorar a seguranza viaria e a mobilidade. Entre os lugares de Vilariño (Cespón) e Carrofeito executáronse beirarrúas, unha demanda histórica da veciñanza.

Transcorridos varios meses desde a execución das citadas obras, desde o BNG de Boiro contemplamos con preocupación que as referidas beirarrúas carecen das mínimas medidas de seguridade, circunstancia que pode prexudicar gravemente ás persoas usuarias das mesmas.

Así, as beirarrúas decorren de forma aleatoria por ambos lados da estrada AC-305 sen que existan pasos de peóns que as conecten, imposibilitando que a veciñanza poida facer un uso seguro destas, tendo que cruzar para conectar ambas marxes da estrada por lugares de evidente perigo debido ao alto volume de vehículos que circulan pola mesma.

De igual xeito, no lugar no que a beirarrúa decorre por debaixo da ponte da autovía a mesma ten idéntica altura ao firme da vía e carece de varanda que protexa aos peóns.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:09
Nº Rexistro: 13150
Data envio: 27/07/2017 13:09:38.333

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Ten coñecemento o goberno galego das deficiencias en materia de seguranza e accesibilidade peonil que presenta a estrada AC 305 entre os lugares de Vilariño e Cimadevila, no concello de Boiro, no que se realizaron recentemente obras de construción de beirarrúas?

Recibiu a Consellaría de Infraestruturas e Vivenda algunha petición para a mellora da zona?

Ten previsto a Xunta de Galiza acometer actuacións complementarias para mellorar a seguranza viaria e a mobilidade peonil nesta estrada?

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:09
Nº Rexistro: 13150
Data envio: 27/07/2017 13:09:38.333

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/07/2017 13:03:23

María Montserrat Prado Cores na data 27/07/2017 13:03:30

Ana Pontón Mondelo na data 27/07/2017 13:03:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/07/2017 13:03:35

Olalla Rodil Fernández na data 27/07/2017 13:03:37

Noa Presas Bergantiños na data 27/07/2017 13:03:39

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 14645(10/POC-002708)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa execución da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, así como a valoración para o tramo central comprendido entre Goián e Areas doutras alternativas diferentes ás do proxecto de construción do ano 2011

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 13:41
Nº Rexistro: 14645
Data envio: 28/08/2017 13:41:22.775

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

O primeiro tramo da Vía de Alta Capacidade de Tui á Guarda foi presentado no ano 2004 e, dende entón, é a historia concatenada de despropósitos e mala xestión cuxo resultado, despois de 12 anos, é a construción de só 10 dos 24 quilómetros totais.

Dos 24 quilómetros de estrada e dos 200 millóns de euros comprometidos no Plan Move só se puxeron en servizo os 10 últimos quilómetros de Goián á Guarda, e investíronse 60 millóns de euros.

Despois de que en abril de 2016 se utilizasen fondos previamente destinados á VAC de Tui-A Guarda para o Corredor do Morrazo, causando indignación na comarca do Baixo Miño, a Consellería de Infraestruturas licitou a redacción do proxecto de construción do enlace A-55-Areas, proxecto que debería de estar concluído en 8 meses dende ese momento, xuño de 2016.

A continuación será posible licitar as obras do enlace que supoñerán unha inversión, por parte de la Xunta, de ao redor de 12 millóns de euros.

Do resto da obra, que une Tui con Goiáns, nada sabemos; nin sabemos se se teñen contemplado outras alternativas menos custosas ou con menor impacto ambiental, como as propostas por colectivos veciñais da zona.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 13:41
Nº Rexistro: 14645
Data envio: 28/08/2017 13:41:22.775

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1) Que previsións ten o Goberno galego en relación coa execución da Vía de Alta Capacidade Tui-A Guarda?

2) Contempla para o tramo central da VAC, entre Goiáns e Areas, outras alternativas diferentes aos do proxecto de construción do ano 2011?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 28/08/2017 13:30:40

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 15387(10/POC-002789)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto da introdución de modificacións no artigo 124.2 do Regulamento de dominio público hidráulico, para permitir a existencia no futuro das comunidades de augas de consumo humano

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 15387
Data envio: 05/09/2017 12:34:29.835

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A auga é unha realidade económica e un recurso imprescindible no mantemento dos ecosistemas pero, sobre todo, é un dereito esencial para a vida e a dignidade dos seres humanos, tanto que resulta obrigado para os gobernos garantir a calidade de vida dos seus cidadáns, o respecto polo medio ambiente e a solidariedade cos máis desfavorecidos e coas xeracións vindeiras. Os servizos de auga e saneamento están vinculados a dereitos humanos e non poden ser xestionados só dende a lóxica do mercado.

O recoñecemento en xullo de 2010 por parte da Asemblea Xeral de Nacións Unidas do acceso básico á auga e saneamento como un dereito humano ten relación directa coa condición da auga como ben público, base da vida e da economía e garante do ben común.

En Galicia, unhas 650.000 persoas son usuarias de auga a través das Comunidades de Augas de Consumo Humano (tamén chamadas Traídas de Augas), que naceran para paliar as carencias do servizo de abastecemento de auga no medio rural nos anos 60. Ante a dispersión propia do país, estes cidadáns agrupáranse en zonas para aproveitar as augas subterráneas das súas zonas e construíran as redes que servirían ás vivendas, investindo cartos e esforzo persoal e sen descoidar nunca a calidade da auga.

Hoxe, as comunidades teñen un problema: A denegación da renovación das súas concesións por lles pasar a rede municipal preto das vivendas ás que elas mesmas abastecen. O curioso é que cumpren todos os requisitos e contan cos certificados municipais asinados polos alcaldes dos concellos dos que a rede municipal non pode abastecer ao núcleo; non obstante, comprobándose que hai rede municipal preto, interprétase que toda a zona debe ser abastecida por esta. Todo en virtude do artigo 124.2 do Regulamento do dominio público hidráulico, que dispón que, para a renovación da concesión, é necesaria unha certificación asinada polo alcalde onde se aclare que o núcleo non pode ser abastecido pola rede municipal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 15387
Data envio: 05/09/2017 12:34:29.835

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

E precisamente, as asociacións de comunidades manifestan a convivencia das dúas redes, municipal e das traídas, e que cada quen sexa libre de decidir cal prefire, o que garante o recoñecemento do acceso á auga como un dereito humano e evita a duplicidade de custes.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia do problema das Comunidades de Augas de Consumo Humano pola denegación da renovación das súas concesións de auga?

2ª) Está de acordo o Goberno co cambio do artigo 124.2 do Regulamento de dominio público hidráulico (Real decreto 849/1986, do 11 de abril), para seguir permitindo a existencia destas comunidades?

Pazo do Parlamento, 4 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2017 17:47:30

María Luisa Pierres López na data 04/09/2017 17:47:37

Raúl Fernández Fernández na data 04/09/2017 17:47:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 15493(10/POC-002808)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 10 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polo Consorcio Casco Vello de Vigo desde a súa creación, o número de vivendas e locais comerciais rehabilitados e as actividades previstas para o futuro tras o remate en 2017 do actual convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 18:10
Nº Rexistro: 15493
Data envio: 05/09/2017 18:10:57.704

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Marían García Miguez, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Gonzalo Trenor López, Diego calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Alberto Pazos Couñago, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Consorcio Casco Vello de Vigo foi nado en 2005 grazas ao impulso dun Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia e, máis concretamente, da Consellería de Política Territorial, da que nese momento era responsable D. Alberto Núñez Feijóo.

A petición da cidadanía, máis concretamente das persoas que vivían e viven na zona, era, e continúa a ser, a rehabilitación e a recuperación integral do casco histórico. Así pois, o labor do Consorcio é a ordenación urbana desa área, impulsando proxectos de arquitectura innovadora sempre mantendo os mimbres do chan onde se asentan.

Na actualidade, a responsabilidade de cambio é asumida polo Consorcio do Casco Vello de Vigo, integrado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, concretamente polo Instituto Galego de Vivenda e Solo nun 90%, e polo Concello de Vigo nun 10%. Trátase de inverter a tendencia de despoboación deste barrio degradado polo paso do tempo. A principal actuación é a rehabilitación de edificios para vivenda protexida, con prioridade en alugueiro, así como locais comerciais e edificios destinados a actividades administrativas.

Máis de trinta arquitectos/as participaron nos distintos proxectos desenvolvidos e moitos destes traballos tiveron recoñecementos locais: premios Gran de Area de Arquitectura e Premios APROIN; autonómicos: premio e accésit nos premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia convocados pola Xunta; premio Colexio Oficial de Arquitectura de Galicia o mellor edificio de vivendas; e nacionais: premio na XII Bienal de Arquitectura. O empeño conxunto dos profesionais, do Consorcio do Casco Vello, dos emprendedores e de todas aquelas persoas e colectivos que participan son o mellor exemplo do bo resultado nun facer común.

Houbo un antes e un despois dende o traballo do Consorcio na cidade de Vigo. O dinamismo, a arquitectura de calidade, o impulso no comercio da zona, nos servizos, na hostalería, na oferta de ocio, na cultura, nas festas, na diversidade gastronómica e na mellora na calidade de vida da cidade son referencia nas actuacións levadas a cabo.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 18:10
Nº Rexistro: 15493
Data envio: 05/09/2017 18:10:57.704

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Orais en Comisión:**

1.-Cal é o balance de actuacións desenvolvidas polo Consorcio Casco Vello de Vigo desde a súa creación?

2.-Cantas vivendas e locais comerciais foron rehabilitados?

3-.Cales son as previsións de futuro que manexa o Consorcio para continuar coa súa actividade máis alá de 2017, cando remata o presente convenio entre Xunta de Galicia e Concello de Vigo?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/09/2017 18:04:08

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 18:04:18

Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 18:04:29

Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 18:04:40

Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 18:04:49

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 18:05:01

Jacobo Moreira Ferro na data 05/09/2017 18:05:22

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 18:05:35

Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 18:05:55

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/09/2017 18:06:07

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 18:06:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 16877(10/POC-002911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa sinistralidade e elevada cifra de atropelos a peóns e ciclistas que presenta a estrada PO-308 entre Pontevedra e O Grove, e as súas previsións respecto da adopción de medidas de calmado do tráfico nela, así como a execución dunha actuación integral para mellorar a súa seguridade viaria, a súa accesibilidade e a súa mobilidade peonil e ciclista

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16877
Data envio: 19/09/2017 13:32:14.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Nesta fin de semana producíronse dous atropelos de ciclistas na PO 308, estrada que comunica Pontevedra co Grove. Nos sinistros, que tiveron lugar en Poio e Portonovo, os ciclistas resultaron feridos de diversa consideración.

Con estes apropelos do pasado día 16, a estrada autonómica PO 308 vai camiño de alcanzar o triste récord de ser un dos viais máis perigosos de toda Galiza. O pasado mes de abril falecía un ciclista no lugar de Covelo (Samieira) atropelado por un vehículo, e no pasado ano 2014 unha veciña de Raxó morría atropelada diante da súa casa. No sinistro historial desta estrada contabílízanse máis de 10 mortes na última década.

Nos últimos tempos multiplicáronse as voces que reclaman unha actuacion integral de mellora da seguranza viaria e a accesibilidade nesta vía, coa dotación de beirarrúas, medidas de calmado do tráfico, mellora da mobilidade peonil e ciclista, etc.

En resposta a estas demandas, a Xunta de Galiza está a tramitar algunha actuación parcial, como a das sendas verdes, que son parches que non resolven o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16877
Data envio: 19/09/2017 13:32:14.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

problema de fondo, que é o da concepción da estrada, que segue a estar deseñada e pensada en función da mobilidade motorizada e ten unhas condicións moi hostís para as formas de mobilidade natural como andar en bicicleta ou camiñar.

Cómpre ter en conta que a estrada discorre por unha área densamente poboada e atravesa numerosos núcleos de poboación. Mais o tratamento non é o dunha vía urbanizada senón unha estrada de paso.

Medidas como a das sendas verdes de uso peonil e ciclista proxectadas pola Xunta de Galiza, ainda que supoñen unha mellora para a mobilidade peonil en paralelo á estrada, non resolven dúas das principais necesidades: a peonil de cruzar a estrada sen perigo; e a ciclista de transitar por unha vía segura.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para súa resposta oral en comisión:

1. Que valoración fai o goberno galego sobre a sinistralidade da estrada autonómica PO 308 e a elevada cifra de atropelos a peóns e ciclistas?

2. Considera a Xunta de Galiza que esta estrada ten unhas axeitadas condicións de segurana viaria, especialemente no referente á mobilidade peonil e ciclista?

3. Pensa o goberno galego adoptar medidas de calmado do tráfico nesta estrada?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16877
Data envio: 19/09/2017 13:32:14.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Prevé a Xunta de Galiza realizar unha actuación integral de mellora da seguranza viaria, da accesibilidade e da mobilidade peonil e ciclista na PO 308?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/09/2017 13:30:41

María Montserrat Prado Cores na data 19/09/2017 13:30:47

Ana Pontón Mondelo na data 19/09/2017 13:30:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/09/2017 13:30:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16877
Data envio: 19/09/2017 13:32:14.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/09/2017 13:30:52

Noa Presas Bergantiños na data 19/09/2017 13:30:53

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 16930(10/POC-002921)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia dende agosto de 2016 para resolver a problemática xerada a consecuencia das deficiencias existentes no funcionamento das novas infraestruturas de saneamento de Ribeira, as súas causas e o tipo de control periódico que se está a realizar, así como as medidas adoptadas ao respecto e a garantía do dereito da cidadanía á información medioambiental

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16930
Data envio: 19/09/2017 16:28:00.421

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

En 2014 comezaron as obras de depuración de augas de Ribeira, cofinanciadas a través de Augas de Galicia e ACUAES, adxudicadas á UTE, encabezada por COPASA S.A. e por PESA MEDIOAMBIENTE S.A.U., e utilizando fondos europeos "fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural".

Dende o comezo da actividade da nova infraestrutura, en agosto do ano pasado, a veciñanza da zona, onde se instalaron as Estacións de bombeo (principalmente pola zona de beiramar, dende Palmeira ata Couso (Aguiño)) e as conducións, veñen denunciando vertidos incontrolados, deficiencias de funcionamento na infraestrutura e malos cheiros provocados pola xeración de Sulfuro de Hidróxeno. Tamén veñen denunciando problemas de saúde relacionados cos gases emitidos, afeccións respiratorias, reaccións alérxicas, mareos, náuseas e vómitos.

Esta problemática xa foi trasladada ao Goberno da Xunta no pasado período de sesións, tanto en Pleno como en Comisión, e este respostou con evasivas e promesas de solución que nunca chegan.

A situación na que se atopa a veciñanza da zoa é intolerable. Todos estes meses mobilizándose; solicitando información que din non recibir, esixindo xuntanzas coa administración para buscar unha solución ou facendo concentracións e, a día de hoxe, o problema persiste. Un problema medioambiental e de saúde pública

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16930
Data envio: 19/09/2017 16:28:00.421

que ademais afecta de maneira moi importante á calidade de vida das veciñas que se atopan ao redor da infraestrutura.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar En Marea formula as seguintes preguntas:

1.ª) Que ten feito o Goberno da Xunta dende agosto do ano pasado para solventar esta situación?

2.ª) Poderían informarnos das causas que provocan o mal funcionamento da infraestrutura?

3.ª) Que tipo de control periódico se realizan das emisións de Sulfhídrico e das posibles consecuencias na saúde das veciñas e veciños?

4.ª) Que medidas se tomaron de cara a evitar vertidos de augas residuais sen tratar que nos leven a ter que pagar unha nova indemnización, como a que houbo que pagarlle aos bateeiros polos danos causados polas emisións aos seus cultivos?

5.ª) Aseguran estas novas instalacións que non vaiamos seguir padecendo multas "de Europa" por inaceptables niveis de contaminación da Ría de Arousa**?.**

6.ª) Tendo en conta o inaceptable desta situación, o perigo e as incomodidades prolongadas para as veciñas e o delito medioambiental, depurou o Goberno da Xunta responsabilidades?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16930
Data envio: 19/09/2017 16:28:00.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

7.ª) Está previsto dar información aos veciños solicitantes da mesma, garantindo o dereito á información medioambiental?

8.ª) Poden garantirlle ás veciñas e veciños que unha vez rematadas as reparacións das graves carencias, os problemas dos cheiros e a emisión de gases non se volverán repetir en ningún grao de intensidade?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2017 16:26:01

Antón Sánchez García na data 19/09/2017 16:26:25

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 19.10.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 17205(10/POC-002936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o orzamento destinado nos últimos anos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o mantemento e impulso do contorno do parque de Cotorredondo, situado nos concellos de Vilaboa e Marín, as actuacións que está a estimar o Goberno galego para recuperar os seus valores ambientais, turísticos e patrimoniais, así como a actuación desa consellaría en relación cos convenios asinados e as solicitudes presentadas por diversas comunidades de montes ao respecto

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:32
Nº Rexistro: 17205
Data envio: 21/09/2017 16:32:40.915

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En recentes novas da prensa denomínase como "ocaso" a situación na que se atopa o espazo natural da Lagoa de Castiñeiras, no Parque de Cotorredondo, pertencente os concellos de Vilaboa e Marín.

Este enclave natural foi durante décadas o lugar elixido polas xentes da península do Morrazo así como por moitos outros pontevedreses para desfrutar das fins de semana comendo e merendando en familia nun entorno ao aire libre e en contacto coa natureza. É de feito, o maior parque de esparcemento público da provincia de Pontevedra, e destino de moitos e moitas escolares que acudían á aula da natureza para coñecer máis de preto a diversidade de fauna e flora que conforman o conxunto do parque. Atópase ademais neste marco a acrópole megalítica "Chan de Castiñeiras" e o mirador de Cotorredondo, que, en días claros, permite apreciar a beleza das Rías Baixas no seu conxunto.

Acudir hoxe a este lugar supón atoparse con múltiples signos de abandono e decadencia:

- Vallas e cercados derribados.
- Maleza incontrolada.
- Intransitabilidade de camiños e sendas.
- Unha edificación de aseos que nunca foi inaugurada, chea de lixo e coas carpinterías xa esnaquizadas.
- Edificacións e instalacións pechadas e con evidentes síntomas de abandono.
- Deficientes sinalizacións.
- Viais degradados.
- Dificultade de acceso ao miradoiro.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:32
Nº Rexistro: 17205
Data envio: 21/09/2017 16:32:40.915

Todo froito do ínfimo mantemento e inversión realizadas nos últimos anos.

E a lagoa, artificial, creada en orixe para subministro de auga en caso de incendio vese, nos últimos veráns, falta de auga, polas filtracións que xa foron denunciadas en repetidas ocasións polas asociacións veciñais e que provocan a súa seca total, co conseguinte prexuízo para a fauna e flora que a habitan.

Todas estas cuestións fan que esta área agonice e se converta nese ocaso ou sombra do que foi no seu día.

A xestión do mesmo corresponde á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio así como a catro comunidades de montes dos concellos de Marín e Vilaboa. As comunidades de montes fixeron nestes anos labores de mantemento e limpeza de pequenas áreas ou arranxos, pero ben é certo que a extensa área, de máis de 50 hectáreas, deste parque fai inasumible afrontar todas as actuacións precisas.

Dende o ano 1988 o parque conta cunha Aula da Natureza, trala habilitación da casa do axente forestal do parque, e dende o 2007 cóntase cun Centro de Visitantes e Punto de Información Ambiental do Parque da Natureza, sita na antiga cabana que hai ó carón do lago e cedida pola Comunidade de Montes de Vilaboa, así como o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Cotorredondo vencellado á Aula da Natureza.

A realidade é que a actividade destes centros, a día de hoxe, así como a súa conservación son practicamente nulos, atopándose pechadas moitas das edificacións. Tense constancia soamente de actividade no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre, á agarda do seu traslado ao concello de Cotobade-Cerdedo, o que redundará aínda máis na perda de valor do conxunto do parque.

Os socialistas consideramos que é preciso impulsar a recuperación desta área para volver a aproveitar o potencial dos seus valores naturais, turísticos, educativos e de lecer , converténdoa novamente nun dos parques recreativos máis senlleiros de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:32
Nº Rexistro: 17205
Data envio: 21/09/2017 16:32:40.915

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o orzamento que nos últimos anos ten dedicado a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao mantemento e potenciación do contorno do Parque de Cotorredondo?
2. Que actuacións contempla o Goberno de Galicia para recuperar os valores ambiental, turístico e de patrimonio deste parque?
3. Ten pensado algún tipo de actuación inmediata que inclúa o selado das grietas ou filtracións da lagoa e evitar unha nova seca?
4. Cal é o motivo para que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio desatenda nos últimos anos as condicións do convenio de colaboración asinado no 2001 coa Comunidade de Montes de Vilaboa e con vinculación durante 30 anos?
5. Cal é o grao de vinculación desta consellería coas outras tres comunidades de montes pertencentes aos concellos de Moaña e Marín? Que convenios están activos neste momento?
6. Cal é o motivo polo que se autorizou a construción e posta en marcha de asadoiros na parte do parque que corresponde ao concello de Marín e non se deu resposta á mesma solicitude por parte da Comunidade de Montes de Vilaboa?
7. Cales son as razóns da suspensión do Proxecto educativo da Aula da Natureza de Cotorredondo? Que pensa facer a consellería ao respecto?
8. Cando está previsto o peche definitivo do Centro de Recuperación da Fauna Silvestre?
9. Ten pensado a consellería algún outro destino para as instalacións deste centro unha vez sexa desaloxado?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 16:32
Nº Rexistro: 17205
Data envio: 21/09/2017 16:32:40.915

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 21/09/2017 16:30:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/09/2017 16:30:09

Raúl Fernández Fernández na data 21/09/2017 16:30:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es